

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BERGONDO

##### Secretaría

*Convocatoria do programa de préstamo de libros de texto curso 2020-2021*

##### EDICTO

Con data 23 de xuño de 2020, por Resolución de Alcaldía número 789/2020 aprobáronse as Bases da CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE PRÉSTAMO DE LIBROS DE TEXTO NO CONCELLO DE BERGONDO, CURSO 2020-2021.

##### BASES

###### 1.- OBXECTO

É obxecto da presente convocatoria regular o programa de préstamo de libros de texto do Concello de Bergondo para o curso escolar 2020-2021.

###### 2.- FINALIDADE

A Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación (B.O.E do 4 de xullo) establece, no seu artigo 1, que todos os españois teñen dereito a unha educación que lles permita o desenvolvemento da súa propia personalidade e a realización dunha actividade útil á sociedade.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (B.O.E do 4 de maio) establece, no seu artigo 4, que o ensino básico é obrigatorio e gratuíto para todas as persoas. Así mesmo, no seu artigo 83 recolle o establecemento de bolsas e axudas ao estudo para garantir a igualdade no exercicio do dereito á educación.

A finalidade deste programa é colaborar coas familias do municipio no esforzo económico que o comezo do curso ocasiona. **Neste sentido, o concello complementará os libros que non deixe en préstamo a Xunta . Se a Xunta deixa en préstamo a totalidade dos libros para o curso 2020-2021, non se solicitarán os do concello.**

###### 3.- CRITERIOS

- Será de aplicación nos seguintes cursos:
  - o 3º,4º,5º e 6º de primaria.
  - o 1º ,2º, 3º e 4º de secundaria.
- O/s libro/s serán propiedade do concello de forma que, ao remate do curso escolar (en xuño ou en setembro, segundo o caso) deberán **entregarse dentro dos prazos sinalados** para que poidan ser empregados por outros/as alumnos/as no vindeiro curso. Tanto os prazos como o lugar de recollida serán publicados na web e redes sociais do concello.
- **Deberán entregar os libros en perfectas condicións e no caso contrario haberá que repoñelos.**
- Deberán facer entrega dos libros nos prazos sinalados todo o alumnado (incluído 4º da ESO) con **excepción** dos que lle quede/n a/s materia/s do/s libro/s de préstamo que teñen, pendente/s para setembro. O prazo máximo de entrega será publicado tamén nas redes sociais e na páxina web do concello.
- **A falta de devolución dos libros de texto de préstamo será causa de exclusión da participación neste programa.**

###### 4.- BENEFICIARIOS

Poderán acollerse os/as estudantes que cursen os estudos no C.P.I Cruz de Sar que, no momento da solicitude, estean empadroados/as no Concello de Bergondo e teñan a intención de continuar estando ao longo do curso.

Quedarán **excluídos**:

- O alumnado que realice a solicitude fóra dos prazos establecidos na presente convocatoria.
- As novas incorporacións de alumnado que se produzan con posterioridade aos prazos de solicitude, salvo no caso de existencia de crédito na partida orzamentaria ou da existencia de libros de préstamo dispoñibles.

- O alumnado que reciba en préstamo a través do Fondo solidario da Xunta de Galicia a totalidade dos libros para o curso 2020-2021. Para elo o solicitante autoriza ao concello a realizar a consulta deses datos co CPI Cruz do Sar.

Estas axudas son compatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas.

#### 5.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os prazos para presentar solicitudes empezarán a contar dende o día seguinte á publicación das presentes bases no BOP e:

- Ata o 17 de xullo para o alumnado que promociona de curso.
- Ata o 10 de setembro **unicamente** para os que no prazo anterior **descoñezan se pasan de curso**.

#### 6.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

As solicitudes presentaranse por calquera das seguintes vías:

- A través da SEDE ELECTRÓNICA.
- Cubriendo o formulario que estará dispoñible na páxina web do concello.
- Enviando o modelo de solicitude (dispoñible na páxina web) a cultura.deportes@bergondo.gal.

#### 7.- CAUSAS DE EXCLUSIÓN DO PROGRAMA

- Non realizar a entrega dos libros de préstamo do concello que se teñan de cursos anteriores.
- Non repoñer os libros de préstamo no caso de que o concello así o requira por entregar os libros en mal estado ou debido á perda do/s mesmo/s.

#### 8.- PRAZOS DE ENTREGA DO/S LIBRO/S

Persoal do concello realizará a entrega do/s libro/s para o vindeiro curso 2020/2021 **no CPI coincidindo co inicio do curso escolar e coa entrega dos libros de préstamo do CPI**, excepto que sexa necesario pospoñelo por causas alleas ao concello.

#### 9.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓNS

As solicitudes serán resoltas mediante o órgano competente e publicadas na páxina web do concello (bergondo.gal) e no tablón de edictos da sede electrónica, de conformidade co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

#### BASES

##### 1.- OBJETO

Es objeto de la presente convocatoria regular el programa de préstamo de libros de texto del Ayuntamiento de Bergondo para el curso escolar 2020-2021.

##### 2.- FINALIDAD

La Ley Orgánica 8/1985, de 3 de julio , reguladora del derecho a la educación ( B.O.E de 4 de julio ) establece, en su artículo 1, que todos los españoles tienen derecho a una educación que les permita el desarrollo de su propia personalidad y la realización de una actividad útil a la sociedad.

La Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo , de educación ( B.O.E de 4 de mayo ) establece, en su artículo 4, que la enseñanza básica es obligatoria y gratuita para todas las personas. Asimismo, en su artículo 83 recoge el establecimiento de bolsas y ayudas al estudio para garantizar la igualdad en el ejercicio del derecho a la educación.

**La finalidad de este programa es colaborar con las familias del municipio en el esfuerzo económico que el comienzo del curso ocasiona. En este sentido, el ayuntamiento complementará los libros que no deje en préstamo la Xunta . Si la Xunta deja en préstamo a totalidade de los libros para el curso 2020-2021, no se solicitarán los del ayuntamiento.**

##### 3.- CRITERIOS

- Será de aplicación en los siguientes cursos:
  - 3º,4º,5º y 6º de primaria.
  - 1º ,2º, 3º y 4º de secundaria.

El/ los libro/ s serán propiedad del ayuntamiento de forma que, al finalizar el curso escolar (en junio o en septiembre, según el caso) deberán entregarse **dentro de los plazos señalados** para que puedan ser empleados por otros/las alumnos/las en el próximo curso. Tanto los plazos como el lugar de recogida serán publicados en la web y redes sociales del ayuntamiento.

- Deberán entregar los libros en perfectas condiciones y en el caso contrario habrá que reponerlos.
- Deberán hacer entrega de los libros en los plazos señalados todo el alumnado (incluido 4º de la ESO) con **excepción** de los que le quede/ n la/ s materia/ s del libro/ s de préstamo que tienen, pendiente/ s para septiembre. El plazo máximo de entrega será publicado también en las redes sociales y en la página web del ayuntamiento.
- **La falta de devolución de los libros de texto de préstamo será causa de exclusión de la participación en este programa.**

#### 4.- BENEFICIARIOS

Podrán acogerse los estudiantes que cursen los estudios en el C. PI Cruz de Sar que, en el momento de la solicitud, estén empadronados/as en el Ayuntamiento de Bergondo y tengan la intención de continuar estando a lo largo del curso.

Quedarán **excluidos**:

- El alumnado que realice la solicitud fuera de los plazos establecidos en la presente convocatoria.
- Las nuevas incorporaciones de alumnado que se produzcan con posterioridad a los plazos de solicitud, salvo en el caso de existencia de crédito en la partida presupuestaria o de la existencia de libros de préstamo disponibles.
- El alumnado que reciba en préstamo a través del Fondo solidario de la Xunta de Galicia la totalidad de los libros para el curso 2020-2021. Para ello el solicitante autoriza al ayuntamiento a realizar la consulta de dichos datos con el CPI Cruz del Sar.

Estas ayudas son compatibles con cualquier otra ayuda para la misma finalidad de otras entidades públicas o privadas.

#### 5.- PLAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Los plazos para presentar solicitudes empezarán a contar desde el día siguiente a la publicación de las presentes bases en el BOP y:

- Hasta el **17 de julio** para el alumnado que promociona de curso.
- Hasta el **10 de septiembre únicamente** para los que en el plazo anterior **desconozcan si pasan de curso.**

#### 6.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Las solicitudes se presentarán por cualquiera de las siguientes vías:

- A través de la SEDE ELECTRÓNICA.
- Cubriendo el formulario que estará disponible en la página web del ayuntamiento.
- Enviando el modelo de solicitud (disponible en la página web) a cultura.deportes@bergondo.gal.

#### 7.- CAUSAS DE EXCLUSIÓN DEL PROGRAMA

- No realizar la entrega de los libros de préstamo del ayuntamiento que se tengan de cursos anteriores.
- No reponer los libros de préstamo en caso de que el ayuntamiento así lo requiera por entregar los libros en mal estado o debido a la pérdida del/ s mismo/s.

#### 8.- PLAZOS DE ENTREGA DEL/ S LIBRO/ S

Personal del ayuntamiento realizará la entrega del/ s libro/ s para el próximo curso 2020/2021 en el CPI coincidiendo con el inicio del curso escolar y con la entrega de los libros de préstamo del CPI, excepto que sea necesario posponerlo por causas ajenas al ayuntamiento.

#### 9.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIONES

Las solicitudes serán resueltas mediante el órgano competente y publicadas en la página web del ayuntamiento (bergondo.gal) y en el tablón de edictos de la sede electrónica, de conformidad con el artículo 45 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre .

Bergondo, 25 de xuño de 2020

A alcaldesa, Alejandra Pérez Máquez

2020/4098